



# Documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Ribadavia.

## 1.- Introducción

O Concello de Ribadavia carece dun planeamento municipal e vén rexéndose polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do ano 1986. Faise notoria pois a necesidade dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que sente as bases para a definición dun modelo de desenvolvemento apto para o municipio.

Con esta intención, o concello de Ribadavia ten iniciado os traballos para a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Nesa liña, con data 24 de agosto de 2006, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible comunicación de inicio do procedemento de elaboración do PXOM xunto cun documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos do municipio.

Para promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación dos PXOM, estes someteranse a unha Avaliación Ambiental Estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006 do 28 de abril, sobre a avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente.

Estudado o documento de inicio elaborouse o presente documento de referencia para o concello de Ribadavia baseado no Documento Marco de Referencia<sup>1</sup> aprobado por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007.

<sup>1</sup> Pode consultar o Documento Marco de Referencia en <http://medioambiente.xunta.es/aea/pdf/MarcoReferenciaPXOM.pdf>



## **2.- Metodoloxía para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Ribadavia**

Tralas consultas realizadas ao COGAMADS acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables no entorno do concello de Ribadavia, elabórase o presente documento de referencia que guiará ao concello no proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica do plan.

O documento que se presenta, ten por obxecto establecer un procedemento que garanta a sustentabilidade ambiental do planeamento. Para isto, determinaranse as variables e criterios de sustentabilidade que serán a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas propostas.

Estas variables e criterios serán obxectivados nunha serie de indicadores que facilitarán a análise da sustentabilidade das propostas ate chegar á alternativa seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de PXOM, plasmarase nun Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) cuxa amplitude e nivel de detalle se determina neste mesmo documento de referencia.

A proposta de PXOM, as alternativas refugadas e as súas avaliacións (PXOM e ISA) serán sometidas ao proceso de participación e consultas establecido neste mesmo documento de referencia.

O resultado deste proceso recollerase nun informe sobre a participación e as consultas no que se describa o procedemento seguido e se xustifique cómo se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas.

Realizadas as consultas, remitiranse ao órgano ambiental a proposta de planeamento que inclúa o informe sustentabilidade ambiental, o informe sobre a participación e as consultas e un informe final.

Este informe final deberá explicar cómo se integraron os criterios de sustentabilidade das diferentes variables ambientais na elaboración do plan, un resumo do proceso de participación e consultas, a enumeración e relación das medidas adoptadas para o



seguimento dos efectos do planeamento sobre o medio e un resumo non técnico de toda esta información.

Con esta información, o órgano ambiental redactará unha memoria a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, podendo establecer condicionantes que deban ser considerados na redacción do documento que se aprobe definitivamente.

### Pasos a seguir no procedemento de AAE recibido o Documento de Referencia

Fase	Obxectivos	Accións	Plásmase en...	Organismo responsable
Análise de alternativas e determinación de impactos significativos	Estudar as alternativas posibles e confrontalas cos criterios e variables ambientais establecidos	Análise da alternativa cero e proposta de outras alternativas Estudo dos efectos ambientais das propostas Selección da alternativa	Elaboración do PXOM Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA)	Concello
Participación e consultas	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	Realizar as consultas establecidas no documento de referencia Facilitar a participación do público interesado Considerar os resultados do proceso de participación e consultas	Publicidade e posta a disposición do público e realizar as consultas do PXOM e do ISA nas modalidades establecidas neste documento Resposta ás alegacións e elaboración do documento de información e consultas	Concello
Validación do procedemento pola DXDS	Valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta de PXOM	Analizar o proceso de AAE, o ISA e a súa calidade Avaliar o resultado das consultas e como se tomaron en consideración Analizar os impactos previsibles da aplicación do PXOM	Memoria Ambiental	DXDS
Proposta definitiva do PXOM	Integrar os resultados da AAE	Redactar a proposta definitiva do PXOM tomando en consideración o ISA, as alegacións formuladas nas consultas e os condicionantes na memoria ambiental	Proposta definitiva de PXOM (documento para AP)	Concello

\* No caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión preliminar do PXOM, deberase estudar os efectos da nova proposta na sustentabilidade ambiental e someter o novo documento a outro período de participación e consultas.



### 3.- Breve descripción do Concello de Ribadavia

O municipio de Ribadavia está situado no oeste da provincia de Ourense, ao aveiro das Serra do Suído, o Faro de Avión, e a Serra do Leboreiro, que configuran o val polo que discorre o río Miño no seu tramo medio e os seus afluentes, como o Avia e o Arnoia, que conforman os “ribeiros” que dan nome a esta comarca.

O municipio de Ribadavia pertence a comarca do Ribeiro, limitando coa comarca de Carballiño ao norte, terra de Celanova ao sueste e a provincia de Pontevedra ao oeste. Os concellos que conforman a comarca son: Ribadavia, Arnoia, Avión, Beade, Carballeira de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro e Melón. Ribadavia linda polo norte cos municipios de Cenlle, Beade, Carballeda de Avia, Melón, e polo sur con Crecente, Cortegada, Arnoia, Castrelo de Miño .

O territorio do concello de Ribadavia ten unha superficie aproximada de 2.692 Ha. e está formado por sete parroquias cun total de dezaseis entidades de poboación. Agás as parroquias de Ribadavia e Francelos cunha superficie un pouco maior de 733 Ha. o resto son moi pequenas con menos de 400 Ha. A densidade media aproximada e de 216 habitantes por Km<sup>2</sup> , cifra moi superior a media da provincia de Ourense, que é de 54 habitantes por Km<sup>2</sup>.

Nas táboas que se presenta a continuación apreciase un lixero decrecemento da poboación, aínda que permanece bastante estable, contando no ano 2.006 cunha poboación de 5.401 habitantes.

Táboa 1: Evolución da poboación de Ribadavia. (Fonte: IGE)

1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
5.556	5.509	5.441	5.447	5.540	5.510	5.494	5.401

Táboa 2: Saldos Migratorios (Fonte: INE)

1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
-17	-13	-35	-32	-22	17	68	-11	21	-7

Segundo os datos do 3º Inventario Forestal Español, a superficie forestal é o 62 % do municipio (1.522 ha), das cales o 88 % de dita superficie está cuberta por bosques, o que supón que 1.372 hectáreas no concello de Ribadavia, cunha grande



potencialidade: a explotación forestal. O 40% das industrias de Ribadavia están orientadas á transformación da riqueza forestal.

Mais dende o punto de vista puramente económico, foi a produción de viño o que historicamente sostivo a economía de todo o Concello e, incluso a de toda a Comarca, convertendo así a Ribadavia nun centro neuráxico e de servizos.



## 4.- Variables, criterios fundamentais, alcance e nivel de detalle para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Ribadavia

Variable	Criterios	Alcance e nivel de detalle
Consumo de Solo	A oferta potencial de usos axustarase ás conclusións dos respectivos estudos da demanda	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xustificar a idoneidade do planeamento con criterios racionais de estratexia de ocupación do solo</li> <li>• Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta co planeamento. de modo coherente coa dinámica demográfica do concello.</li> <li>• Calcular e xustificar a demanda residencial.</li> <li>• Analizar as necesidades de mobilidade que ocasionan o modelo residencial previsto para Ribadavia.</li> <li>• Establecer unha malla de transporte sustentable que comunique os principais itinerarios.</li> <li>• Priorizar os desenvolvementos urbanísticos sobre espazos antropizados.</li> <li>• Fomentar os desenvolvementos colindantes coas áreas urbanizadas.</li> <li>• Priorizar a compactación dos núcleos xa existentes.</li> <li>• Xustificar as necesidades detectadas en relación aos planeamentos (en vigor ou en revisión) dos concellos limítrofes.</li> <li>• Localizar os espazos susceptibles de ser afectados por condicións de risco.</li> <li>• Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos, e dos hábitats.</li> </ul>
	Fomentaranse estruturas, densas, compactas e complexas	
	Favorecerase a mobilidade a través de medios de transporte sustentables	
	Protexeranse os ámbitos de interese natural e/ou patrimonial	
	Quedarán salvagardados os espazos susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos	
Ciclo Hídrico	Promover o aforro dos recursos hídricos a prol dun uso sustentable dos mesmos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellorar a eficiencia no uso dos recursos hídricos.</li> <li>• Estudar a capacidade de recarga do sistema e as posibles afeccións do planeamento.</li> <li>• Calcular a capacidade do sistema de abastecemento previsto tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos. Se o concello se abastece dun sistema supramunicipal, deberán terse en conta as necesidades estimadas dos municipios que se abastecen do mesmo á hora de calcular a capacidade dos recursos. Considerarase tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas da rede.</li> <li>• Diseñar e dimensionar o sistema de saneamento en función do volume e da carga contaminante dos efluentes, que garanta a depuración das augas.</li> <li>• Inventariar os sistemas de depuración particulares e establecer un sistema de mantemento e limpeza das fosas sépticas periódico.</li> <li>• Inventariarse así mesmo os sistemas de depuración particulares nos casos industriais e xustificar a súa idoneidade para manter as augas por baixo dos niveis regulamentariamente establecidos.</li> <li>• Establecer no solo urbanizable unhas porcentaxes mínimas de zonas sen impermeabilizar. Promoverase a utilización de pavimentos drenantes na urbanización, ou en todo caso facilitarase a recarga natural do terreo.</li> <li>• Prever a necesidade da rede separativa de pluviais.</li> <li>• No seu caso, xustificación e autorización de calquera redución nos límites de protección dos cursos fluviais do concello.</li> <li>• Inventariar os focos de vertidos aos cauces.</li> </ul>
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	
	Reducir os niveis de contaminación das augas.	



Variable	Critérios	Alcance e nivel de detalle
<b>Energía</b>	Promover o aforo no consumo enerxético	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reducir o consumo enerxético e a contaminación luminosa do alumeadado público.</li> <li>• Considerar a implantación de infraestruturas para a xeración de enerxía que contribúan a reducir o impacto ambiental e a dependencia de abastecemento do municipio.</li> <li>• Mellorar a eficiencia enerxética.</li> <li>• Prever solo para infraestruturas de enerxías renovables</li> </ul>
	Reducir a dependencia de recursos enerxéticos non renovables.	
<b>Emisións contaminantes</b>	Redución das emisións contaminantes nocivas tanto para o entorno como para a saúde das persoas e os hábitats.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localizar as principais fontes de contaminación atmosférica e establecer medidas para mitigala tendo en conta os fenómenos de dispersión.</li> <li>• Localizar as instalacións de radiocomunicacións e establecer medidas para prever e corrixir o seu impacto.</li> <li>• Localizar as instalacións de transporte de enerxía eléctrica e establecer medidas para minimizar os seus efectos sobre os seres vivos e a paisaxe.</li> <li>• Adoptar as medidas que sexan precisas para a redución de todos os tipos de contaminación acústica, luminosa, electromagnética sobre o medio.</li> </ul>
<b>Xestión de Residuos</b>	Xestionar eficientemente a recollida dos diferentes tipos de residuos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, fomento da reutilización e reciclaxe.</li> <li>• Incrementar e mellorar a cobertura da rede de recollida Residuos Sólidos Urbanos.</li> <li>• Reservar espazos para a implantación de contedores de recollida de RSU á hora da planificación.</li> <li>• Potenciar a recollida e xestión da fracción orgánica dos residuos municipais.</li> <li>• Reservar espazos adecuados para a recollida de Residuos Valorizables e Especiais, dos plásticos agrícolas así como para os residuos non perigosos nos sectores de uso industrial.</li> <li>• Clasificar os solos correspondentes os solos contaminados atendendo ás súas características.</li> </ul>
	Fomentar a redución, reutilización, reciclado e valorización dos residuos.	
<b>Actividades Económicas</b>	Xerar emprego no concello	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xustificar a idoneidade do planeamento respecto ás necesidades das actividades económicas presentes e previstas no concello e o seu entorno.</li> <li>• Ampliar os criterios de sustentabilidade na edificación aos edificios industriais, comerciais e terciarios.</li> <li>• Xustificar unha dotación axeitada de equipamentos e infraestruturas.</li> <li>• Xustificar unha localización que garanta o cumprimento dos obxectivos ambientais para as actividades económicas.</li> </ul>
	Incrementar a produtividade empresarial	
	Aproveitar as sinerxías positivas cos concellos limítrofes	
<b>Integración Social</b>	Garantir a non exclusión	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Prever as infraestruturas sociais: sanidade, educación, atención cidadá, servizos sociais de acordo coa demanda prevista.</li> <li>• Introducir a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño do concello.</li> <li>• Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística.</li> <li>• Configurar unha rede de espazos públicos continua, diversificada e de calidade.</li> <li>• Fomentar a preservación da memoria histórica do municipio como reforzo da identidade social.</li> <li>• Abordar as actuacións en áreas degradadas dende unha perspectiva integral.</li> <li>• Garantir unha porcentaxe de vivendas baixo algunha figura de protección</li> </ul>
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello	
	Favorecer un entorno habitable saudable	
	Facilitar o acceso ás redes de información e coñecemento	
	Facilitar o acceso á educación e á capacitación profesional	



Variable	Critérios	Alcance e nivel de detalle
<b>Medio Natural</b>	Protexer, conservar, restaurar e mellorar os ámbitos de valor natural	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protexer os espazos que estean baixo algunha figura de protección especial, así como calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico requira algún tipo de protección.</li> <li>• Establecer zonas de transición especialmente clasificadas que salvagarden os espazos protexidos.</li> <li>• Especificar cómo afectan as diferentes alternativas de planeamento aos espazos anteriormente citados.</li> <li>• Planificar accións positivas de mellora do medio natural.</li> </ul>
	Xestionar de modo sustentable os recursos naturais	
	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	
<b>Medio Rural</b>	Protexer e conservar os espazos de interese produtivo agropecuario e forestal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protexeranse os espazos agropecuarios e forestais de interese produtivo repartidos polo municipio proponendo alternativas de ordenación. Tendo en conta o gran peso que ten sobre o concello de Ribadavia a explotación forestal e a industria do viño.</li> <li>• Localizar e protexer as áreas forestais de especial valor</li> <li>• Salvagardar os ecosistemas que sustenten especies típicas da paisaxe galega coma os carballos, castiñeiros e bidueiros.</li> <li>• Estableceranse medidas de protección para as zonas forestais afectadas polos incendios de acordo coa normativa de aplicación.</li> <li>• Planificar accións positivas de mellora das condicións de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo especialmente a información e accesibilidade á oferta educativa, asistencial, sociocultural e lúdica.</li> <li>• Establecer medidas para a redución ou eliminación de emprazamentos irregulares tendendo á configuración dos núcleos coma entes compactos, procurando edificar nas proximidades do seu centro orixinal e deixando libre o entorno para o seu disfrute ou uso produtivo.</li> <li>• Adaptar a tipoloxía das novas vivendas a das formas tradicionais existentes.</li> <li>• Establecer sistemas de xestión de residuos atendendo ás características específicas do rural</li> <li>• Localizar espazos axeitados para a recollida dos residuos específicos resultantes das actividades no rural</li> <li>• Demostrar a suficiencia e eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos en función das necesidades estimadas</li> </ul>
	Mellorar a competitividade das zonas rurais incentivando modelos de produción respectuosos co medio	
	Ordenar os usos e actividades no rural	
	Fomentar a diversificación da actividade económica	
	Cohesión do nivel de vida no rural co existente no ámbito urbano	
<b>Paisaxe</b>	Preservar e protexer os valores paisaxísticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar un estudo paisaxístico previo das actuacións</li> <li>• Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental do entorno e do benestar humano</li> <li>• Inventariar os valores e áreas de especial interese paisaxístico presentes no concello</li> <li>• Analizar as forzas e presións que inciden sobre os elementos da paisaxe e a súa evolución futura prevista co PXOM</li> </ul>
	Xestión e ordenación sustentables da paisaxe	
<b>Medio urbano</b>	Favorecer a habitabilidade do medio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño das zonas verdes accesibles e de calidade</li> <li>• Deseño do medio favorecendo a conexión mediante modos sustentables de mobilidade</li> <li>• Considerar a paisaxe urbana previamente ás actuacións</li> <li>• Garantir a accesibilidade e boa conexión aos núcleos urbanos, como centro dos equipamentos existentes e previstos</li> </ul>
<b>Patrimonio</b>	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preservar e promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico cultural, arquitectónico e arqueolóxico</li> <li>• Renovar o parque de edificios destacables</li> </ul>

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 28-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA, O SECRETARIO



Variable	Critérios	Alcance e nivel de detalle
<b>Poboación</b>	Fomentar o equilibrio demográfico	<ul style="list-style-type: none"><li>• Fomentar o equilibrio demográfico a nivel de distribución territorial e de estrutura da poboación (sexo, idade, movementos naturais)</li></ul>
<b>Vivenda</b>	Axustar o parque potencial de vivendas a teito de planeamento, á demanda estimada	<ul style="list-style-type: none"><li>• Diversificar as tipoloxías residenciais e as opcións de acceso á vivenda</li><li>• Utilizar as ferramentas do planeamento e a xestión urbanística para facilitar o acceso á vivenda</li><li>• Priorizar a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio residencial edificado</li><li>• Fomentar a harmonía das novas construcións coas existentes.</li></ul>
	Facilitar o acceso á vivenda	
<b>Mobilidade</b>	Fomentar a mobilidade sustentable	<ul style="list-style-type: none"><li>• Incentivar o uso peonil e da bicicleta como medios de transporte e non só como elementos de ocio.</li><li>• Aumentar a superficie viaria adicada aos peóns e bicicletas (peonalización de rúas, ensanchamento das beirarrúas, creación de carrís bici, etc.)</li><li>• Mellorar a eficacia do transporte público terrestre regular e estimular o incremento do número de desprazamentos en transporte público fronte a necesidade de utilización do vehículo privado</li><li>• Adaptar os horarios, frecuencia de paso e itinerarios de transporte público ás necesidades dos colectivos</li><li>• Mellorar a conectividade dos puntos de interese comunitaria do concello</li><li>• Ubicar as os centros de servizos básicos e administrativos próximos á actividade da cidadanía</li><li>• Estimación dos GEI ocasionados polo transporte e os desprazamentos</li></ul>



## 5.- Indicadores de sustentabilidade

Os indicadores deberán funcionar como ferramentas de medición da evolución do Concello cara o cumprimento dos obxectivos xerais da proposta de planeamento e os específicos para cada variable da sustentabilidade.

Os indicadores deben cumprir cunha serie de características básicas:

- Deben estar relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación do planeamento cara ás intencións declaradas.
- Deben ser facilmente medibles e posibles de analizar en series temporais.
- Deben reflectir a evolución temporal, de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número debe ser reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por tódolos axentes implicados.
- Deben estar dispoñibles facilmente e non requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade do planeamento mediante o seguimento da evolución do concello cara o cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento do concello, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: actividades económicas, ciclo hídrico, consumo de solo, demografía, emisións contaminantes, enerxía, integración social, medio natural, medio rural, medio urbano, mobilidade, paisaxe, patrimonio, vivenda e xestión de residuos.

O Documento Marco aprobado por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007 incorpora unha serie de indicadores que poden servir como referencia para a elaboración do sistema de indicadores do Concello de Ribadavia



## 6.- Estructura do Informe de Sustentabilidade Ambiental do PXOM de Ribadavia

O ISA será o documento que recollerá a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva de PXOM. Para elo, farase unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

A estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento serán os seguintes:

- 1. Análise obxectiva do entorno.** Realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais que inflúen na intención de planeamento do concello de Ribadavia
- 2. Definición de obxectivos.** Presentarase os obxectivos propostos para o futuro desenvolvemento do concello de Ribadavia e os específicos para cada unha das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento, considerando, en todo caso, os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario, nacional e autonómico.
- 3. Análise das alternativas.** Xustificarase, para cada unha das alternativas propostas para o planeamento do concello, cómo se tiveron en conta as variables de sustentabilidade establecidas para o concello de Ribadavia, facendo referencia ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia) á hora de recompilar a información requirida.

Estas alternativas propostas serán avaliadas en base á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste documento, xustificando ademais a pertinencia das alternativas na implantación da lexislación comunitaria, nacional e autonómica en materia de xestión de residuos, protección de recursos hídricos e espazos naturais.

Finalmente, explicarase razoadamente a elección da alternativa seleccionada.

- 4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.** Identificaranse e caracterizaranse os efectos da alternativa finalmente seleccionada para cada unha das variables de sustentabilidade establecidas neste documento, facendo



unha comparación cos efectos que se derivarían da alternativa 0, entendida como a evolución do concello en ausencia do novo planeamento.

A caracterización dos efectos da alternativa seleccionada describirá a probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade, o seu carácter acumulativo, a súa posible afección a concellos limítrofes, a súa afección sobre a saúde humana e a vulnerabilidade e valor da área afectada.

5. **Medidas preventivas.** Tendo en consideración os efectos negativos identificados e caracterizados, deseñaranse medidas preventivas e correctoras para minimizar ou reducir estes efectos.
6. **Proposta de plan de seguimento.** Describirase a programación temporal das medidas propostas para o control e seguimento dos efectos sobre o medio, así como as medidas ou mecanismos previstos para a redución ou eliminación de novas afeccións non previstas que poidan xurdir.

O plan de seguimento da sustentabilidade contará cun sistema de indicadores da evolución das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: actividades económicas, ciclo hídrico, consumo de solo, demografía, emisións contaminantes, enerxía, integración social, medio natural, medio rural, medio urbano, mobilidade, paisaxe, patrimonio, vivenda e xestión de residuos.

Esta proposta deberá considerar a participación do órgano ambiental no seguimento e establecer a periodicidade coa que se realizarán os informes de seguimento, que serán de acceso público.

7. **Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada** e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.
8. **Análise da coherencia dos obxectivos establecidos** para o concello de Ribadavia e a idoneidade da alternativa seleccionada no cumprimento destes obxectivos.
9. **Resumo non técnico** da información solicitada nos apartados anteriores.



## **7.- Información que deberá conter a maiores o PXOM para a súa avaliación ambiental**

O PXOM de Ribadavia conterá, aos efectos de permitir a súa avaliación ambiental, a maiores da esixida pola lexislación urbanística, a información que se establece a continuación:

Planos de Ordenación (a escala de detalle dependerá da realidade do concello e sempre dentro das escalas 5.000 a 25.000):

- Mapa de infraestruturas de comunicación da comarca.
- Cartografía de risco de incendio forestal segundo cos PDID (Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Distrito).
- Mapa potencial de zonas inundables.
- Mapa topográfico.
- Mapa xeolóxico.
- Mapa de usos do solo.
- Mapa de vexetación.
- Mapa de calidade produtiva do solo e capacidade de acollida.
- Mapa de erosión potencial.
- Mapa de utilización actual do solo.
- Mapa de acollida das unidades ambientais.
- Mapa de intervisibilidade.
- Mapa de solos degradados (erosionados, incendiados, contaminados)



## **8.- Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado.**

O artigo 9 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ó público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do PXOM, que incluíra o ISA, será realizada por parte do órgano promotor do Programa ás Administracións Públicas afectadas e ó público interesado que se citan a continuación:

### 1. Administración Xeral do Estado:

- Delegación do Goberno en Galicia.
- Calquera outro ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

### 2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible á:
  - o Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (acerca das emisións contaminantes, dos residuos e do ruído)
  - o Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural ou paisaxístico)
  - o Organismo Autónomo de Augas de Galicia (acerca do saneamento, do abastecemento e da protección de leitos e recursos hídricos).
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

### 3. Administración Local:

- Deputación de Ourense



- Concellos limítrofes: Cenlle, Beade, Carballeda de Avia, Melón, Crecente, Cortegada, Arnoia, Castrelo de Miño.

A fase de consultas e a posta a disposición do público terá unha duración non inferior aos corenta e cinco (45) días nos que a versión preliminar do PXOM que inclúe o ISA será exposta para o seu exame e formulación de observacións.

As consultas serán nominais para as Administracións públicas e o público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

### ***Informe sobre a participación e as consultas***

O órgano promotor responderá motivadamente ás observacións e alegacións que se formulen nas consultas e elaborará un **documento de consultas** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique cómo se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas.



## Anexo 1. Listado de organismos consultados e respostas recibidas

O Documento inicial someteuse a consultas de todos os integrantes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 74/2006, de 30 de marzo), tal e como se reflexa na seguinte táboa:

<b>ORGANISMOS CONSULTADOS</b>	<b>RESPOSTA</b>
Secretario Xeral. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	
Director Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	
Director Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	
Organismo Autónomo de Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	✓
Consellería de Economía e Facenda	
Consellería de Innovación e Industria	
Consellería de Medio Rural	
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	
Consellería Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.	
Consellería de Traballo	
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	
Secretaría Xeral Relacións Exteriores	
Unión Xeral de Traballadores de Galicia ( UXT)	
Comisións Obreiras (CCOO)	
C.I.G.	
Confederación de Empresarios de Galicia	
Asociación Turmalina Actividades Bioculturais	
Asociación Defensa Ecolóxica Galiza (ADEGA)	
Sociedade Galega Historia Natural	
Federación Ecoloxista Galega (FEG)	
Consello da Xuventude de Galicia	
Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA)	
Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE)	
Asociación de Consumidores Do Salnés	
Universidade de A Coruña	
Universidade de Santiago de Compostela	
Universidade de Vigo	
Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)	
Sindicato Labrego Galego "Comisións Labregas"	
Unións Agrarias	
Xóvenes Agricultores	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	



<b>ORGANISMOS CONSULTADOS</b>	<b>RESPOSTA</b>
Confederación hidrográfica do Douro	